



INFORME DA XUNTA DE PERSOAL DA PROVINCIA DE LUGO

28 de febreiro de 2018 ás 10:30 horas

Orde do día:

- 1) Lectura e aprobación da acta anterior.
- 2) Reclamacións concursos de traslados.
- 3) Escrito de apoio ás mobilizacións do 8 de marzo
- 4) Escrito de solicitude de apertura de listas para as substitucións nos EOE
- 5) Escrito solicitando listado de profesorado destinado na nosa provincia en comisión de servizos, que non foran nomeados/as en convocatoria pública

Organizacións presentes: Anpe, CIG, CC OO, C-SIF, STEG e FETE-UGT.

1) Lectura e aprobación da acta anterior.

Lese e apróbase a acta da xuntanza anterior.

2) Reclamacións concursos de traslados.

Logo de seren incluídas as restantes prazas vacantes que se demandaba dende a XP que aparecesen no CXT, **acórdase RECLAMAR AS SEGUINTES VACANTES, QUE INDA NON FORON INCLUÍDAS:**

PRIMARIA

- 1 (38) EP no Xoán de Requeixo, por catálogo.
- 1 (35) EM no CPI Novoneyra de Pedrafita, por catálogo.
- 1 (60) PT sec. no CPI Díaz Moreno de Baralla por catálogo.

SECUNDARIA

- 1 (209) no CIFP das Mercedes
- 2 (205) no CIFP das Mercedes
- 1 (209) no Lois Peña Novo (Vilalba)

Finalmente e ao fío deste tema, **o STEG expón** que cómpre preguntar pola vacante de Bioloxía do IES Xoán Montes, que desapareceu, sen sabermos o motivo. **Acórdase facelo.**

**fotografía das vacantes inicialmente reclamadas e que foron incluídas*

- 1 (31) EI no CEIP de Baleira, por ser de nova creación.
- 1 (38) EP no Xoán de Requeixo, por catálogo.
- 1 (35) EM no CPI Novoneira de Pedradita, por catálogo
- 1 (60) PT sec. no CPI Díaz Moreno de Baralla por catálogo

ORIENTACIÓN:

- 1 no CEIP Otero Pedraio de Rábade
- 1 no CEIP de Guitiriz
- 1 no CEIP de Meira
- 1 no CEIP de Quiroga
- 1 no CEIP San Xoán de Becerreá.

SECUNDARIA E FP

- 1 (101) no IES Muralla Romana
- 1 (110) no CIFP de As Mercedes
- 2 (006) no IES Anxel Fole
- 1 (006) no IES de Quiroga
- 1 (208) no Lucus Augusti
- 1 (202) no Politécnico de Lugo
- 1 (209) no CIFP de As Mercedes
- 1 (222) no IES Muralla Romana
- 2 (205) no CIFP As Mercedes
- 1 (221) no CIFP As Mercedes
- 1 (209) no Lois Peña Novo

EOI

- 1 DE Inglés na EOI de Monforte



3) Escrito de apoio ás mobilizacións do 8 de marzo

ACÓRDASE en relación ás mobilizacións do 8 de marzo, por maioría (co voto favorábel de CIG, UXT, STEG e CC OO e a ABSTENCIÓN DE CSI-F E ANPE) , redactar un escrito de apoio en nome da Xunta de Persoal.

4) Escrito de solicitude de apertura de listas para as substitucións nos EOE

ACÓRDASE, como xa solicitara o STEG no comezo do curso 2015-16, que para as prazas dos EOE e no referente ás substitucións se proceda a unha apertura de listaxe coa xente que xa se presentara en ocasións anteriores.

5) Escrito solicitando listado de profesorado destinado na nosa provincia en comisión de servizos, que non foran nomeados/as en convocatoria pública

Acórdase redactar un escrito solicitando esta información para un mellor funcionamento da Xunta de Persoal.

Igualmente, **ACÓRDASE** facer un escrito solicitando vacantes en negativo da provincia de Lugo.

En relación á xestión por parte da consellería do temporal de neve, acórdase sacar unha nota de prensa criticando o proceder da mesma nesta cuestión, delegando funcións en quen non lle corresponde ou tomando medidas claramente a destempo que só xeran confusión e empeoran o funcionamento do ensino.

6) Rogos e Preguntas

O STEG expón que cómpre reivindicar na medida das posibilidades da Xunta de Persoal, que o profesorado que ten como centro base unha EPAPU e imparte docencia tamén en centros penitenciarios, lle sexa recoñecido este tempo traballado como nun centro de especial dificultade, cousa que agora non sucede.

ACÓRDASE revisar esta cuestión por parte das organizacións e, de non haber maior atranco, presentar a reivindicación por escrito á Consellería.

Sen máis temas que tratar, dase por concluída a xuntanza ás 11:40 horas.

Lugo, 28 de febreiro de 2018